

Diario dunha revolucionaria: Madame de Stael



Hugo Sanmartín Rodríguez
Érika Bao Castro
Brais Lorenzo Uriz

3 de xaneiro de 1879 ??? (1789) A miña primeira reunión con Napoleón.

Hoxe Talleyrand conseguíume unha entrevista co xeneral Bonaparte. Nun principio, estaba moi emocionada por coñecer a un personaxe coma el, con ese espírito liberal, revolucionario ... disposto a sacar a nosa nación da crise á que estaba sometida. Sabía que non era normal que unha muller estivese naquel lugar porque, por moito que loitemos, a política vai estar dominada polos homes, o que nos provoca ás mulleres parisiense unha verdadeira dor. No momento da cita, sentía unha grande admiración por aquel home ao que, moitos, desexarían non ver en tan alto posto. El vía en min a **unha muller loitadora e valente, con gañas de cambiar o mundo** baseándose nas ideas da Revolución. A charla transcorreu con normalidade, mentres que non paraba de repetirme a mesma pregunta: Que será do noso país cun home coma el, con tan grandes propósitos? O noso destino incerto estaba naquelas mans tan pequenas coas que aquel home decidiría que facer coa cidade do Sena.

9 de novembro de 1799 O cambio ideolóxico

Un ano e moitos días pasaron dende a miña primeira cita co xeneral. Ese home ao que, non fai moito tempo, vía como un exemplo a seguir e un gran dirixente. Xa acudín a moitas outras charlas con el, sentíndome afortunada pero, á vez, rota, rota de pena e desencanto cara a el. **Do meu espírito liberal**, forte e xove, **só quedan unhas poucas cinzas** que se acabarán esfumando, como se esfuma a bondade das persoas. Cheguei a sentir odio por el, por unha persoa que se deixa levar pola ambición e non polos valores. Incluso, hoxe perdín definitivamente todas as miñas ilusións, en parte, polo golpe de estado no que participou Napoleón. Que pena e que tristura que un home tan vil domine a nosa xa moderna Francia; despois de tanto, de tanto que loitamos ... a partir de agora tocárame vivir como unha clandestina xa que me prohibiron continuar coa miña obra de filosofía política. Pero eu non me vou refuxiar no silencio xa que seguirei escribindo a miña obra, custe o que custe.

15 de xullo de 1801 Tensión en París

Hoxe firmouse o Concordato con Roma, no cal Bonaparte chegou a un acordo con Pío VII. Este feito ocasionou unha conmoción en París, ao igual que no meu interior, o que me fixo enfadar e actuar ás costas de Napoleón. Moitos parisienses, aclamaron este acto mentres que outros moitos protestaron en contra. Como ben dixo Voltaire no seu tempo, os franceses e francesas temos liberdade para rezar e pensar, unha filosofía que non se cumpre moito a día de hoxe. Os meus actos ás costas de Napoleón non saíron como eu esperaba xa que, unha vez descuberta, díxéronlle ao emperador que me desterrase ... Agora mesmo teño medo, que me sucederá? poderei seguir vivindo no meu París natal ou terei que exiliarme?...Non teño resposta a esta incerta pregunta, pero o que si sei é que, pase o que pase, **París debe actuar. Non debemos deixar que isto nos suceda.**

20 de Outubro de 1802 **A miña** publicación revolucionaria

Hoxe publiquei a miña obra titulada “Delphine”, onde protesto contra a falta de liberdade da muller e contra a limitación dos seus dereitos, motivo polo cal estou eufórica. A moitos dos meus compañeiros dos salóns, non lles parece xusto que unha muller publique unha novela, o que me provoca desconfianza e, á vez, rabia. Cando, cando chegará o día onde todos sexamos iguais!

Coller o libro, tocalo, velo ... éncheme o corazón sabendo que poderá enriquecer de coñecemento a moitos e a moitas. A publicación deste libro non lle vai facer moita graza a Napoleón, sabendo como sei que está en contra das miñas ideas. Esta irrefreable paixón de publicar un libro mestúrase na miña alma coa tristeza e co medo sabendo que comezou o meu proceso de desterro. Non quero abandonar a miña bela cidade, as súas rúas, a súa xente... Párteseme o corazón pensando que terei que deixar este lugar e todo o seu caos por un destino incerto, onde o meu camiño cambiará por completo.

Ata sempre París, ata sempre ...

12 de maio de 1803 A miña condena: o exilio

40 leguas, esa é a distancia á que teño que estar de París dende o meu exilio. A día de hoxe, **vivo nun mundo diferente**: non se oe o caos da cidade, non acudo ás xuntanzas semanais... Simplemente, escoito de vez en cando un carro pasar neste recuncho de Alemaña onde nada é igual.

Que morriña e que nostalxia sinto da miña antiga residencia, París! Debo de agradecerlle moito á miña parella, Benjamín Constant, que me acompañou neste exilio aínda que a súa alma pertencese á capital francesa. Mentres tanto, para facer máis amenos os días, aprendo alemán e coñezo algúns dos faladores locais. Esta condena estame esnaquizando a alma, como se esnaquizan as vidas nas actuais guerras europeas. Espero poder volver algún día a París e que todo o que saquei á luz nos meus libros sirva para cambiar esta sociedade inxusta, na que vivimos como náufragos en terra.

Fragments que destacamos:

- 1 “ unha muller loitadora e valente, con gañas de cambiar o mundo”
- 2 “ Do meu espírito liberal [...] só quedan unhas poucas cinzas”
- 3 “París debe actuar. Non debemos deixar que isto nos suceda.”
- 4 “Coller o libro, tocalo, velo ... éncheme o corazón”
- 5 “40 leguas, esa é a distancia [...] vivo nun mundo diferente ”